

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela
Santiago de Compostela

Asunto: Petición de información sobre as propostas de aplicación dos fondos “next generation”. Aplicación dos mesmos ás medidas realmente mais urxentes para a protección da biodiversidade.

D. Oscar Rivas López, con DNI 33337845N en representación da SOCIEDADE GALEGA DE ORNITOLOXÍA (SGO), con domicilio a efectos de notificación en Apdo. 581, 15780-Santiago de Compostela, e xunto coas entidades :

ADEGA (ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALIZA)

ASOCIACIÓN AMIGOS DA TERRA

ASOCIACION GALEGA DE CUSTODIA DO TERRITORIO

ASOCIACIÓN VERDEGAIA

SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL (SGHN)

GRUPO NATURALISTA HÁBITAT

EXPOMOS:

En relación coa recente presentación realizada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de 10 proxectos a optar a financiación europea para a recuperación económica (fondos “Next Generation”), e segundo se indicou avalada polo Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, dende as entidades de conservación da natureza galegas asinantes desta petición queremos manifestar que:

1. Consideramos positivas aquelas propostas encamiñadas á recuperación e restauración de ecosistemas, pero entendemos que para a selección dos espazos e hábitats de actuación deberíase priorizar en base a criterios científicos de conservación, e non criterios unicamente de promoción para o uso público
2. Consideramos positivas aquelas propostas de eliminación de especies invasoras e de recuperación de hábitats degradados. Estas accións non deberían limitarse á herba da pampa (*Cortaderia selloana*), senón con criterios científicos ampliar a outras especies. Igualmente para a recuperación de hábitats degradados deberían primar os criterios científicos e centrarse na Rede Galega de Espazos Protexidos

3. Consideramos positiva as medidas destinadas en avanzar na protección da Rede Natura 2000, segundo se indica pola Consellería a través de medidas de recuperación de hábitats prioritarios e coa mellora de conservación de poboacións de especies ameazadas, pero rotundamente manifestamos o noso desacordo a que se destinen maioritariamente a infraestruturas.
4. Para o Parque Nacional das Illas Atlánticas solicítanse 11 M€ para “restauración e recuperación dos seus ecosistemas e a eliminación de especies foráneas, a transición enerxética do parque e a mellora e renovación de infraestruturas asociadas ao uso público, incluíndo entre outras accións a construción dun campo de traballo”, pero unha vez máis, como se ten denunciado reiteradamente, esquécese ás inversións nas medidas de conservación e recuperación dos valores que realmente xustificaron a declaración do Parque, **as aves mariñas**. Neste sentido cabe recordar a grave situación da poboación de corvo mariño cristado (*Phalacrocorax aristotelis*), unha especie cunha tendencia moi negativa nas últimas décadas e que precisa de urxentes medidas de conservación a fin de reverter dita tendencia.
5. Entendemos que as especies con plans de recuperación ou conservación aprobados a día de hoxe, como a píllara das dunas (*Charadrius alexandrinus*), catalogada como vulnerable, ou a escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus lusitanica*) catalogada como en perigo de extinción, deberían recibir a consideración oportuna para a restauración e conservación dos seus hábitats. Igualmente para especies con plans de recuperación obsoletos, como o oso pardo, cuxo plan necesitaría ser actualizado ás circunstancias actuais da especie.
6. Ás dilacións coas obrigas legais co resto de especies do Catálogo Galego de Especies Ameazadas, que a pesar do tempo transcorrido non teñen plans de recuperación ou conservación aprobados, deberían finalizar e considerar como unha prioridade en canto **a conservación da biodiversidade**, a elaboración, aprobación e posta en acción dos plans de conservación pendentes coa axuda destes fondos “extra”, que en ningún caso debe ser unha escusa para o cumprimento coa lexislación ambiental nesta materia. Citamos por exemplo ao sisón común (*Tetrax tetrax*), á tartaraña cincenta (*Circus pygargus*), á gatafornela (*Circus cyaneus*) e o xa mencionado corvo mariño cristado (*Phalacrocorax aristotelis*), especies catalogadas que necesitan de intervencións urxentes para evitar a súa inminente desaparición.
7. Aqueles espazos protexidos sen instrumentos de xestión e planificación aprobados, deberían recibir o financiamento e atención precisos para poder solventar esta eiva de forma inminente.
8. A Rede Natura 2000 supón en Galicia menos do 12% do territorio, moi por debaixo da media española, consideramos que é fundamental abordar a ampliación de moitos destes espazos, especialmente os da montaña oriental galega, ou declarar novas ZEPAs, tendo en conta as IBAs e outros espazos con

hábitats e especies relevantes. Paralelamente sería necesario dotar de planificación específica a cada un dos espazos da Rede Natura 2000.

9. Dentro dos espazos protexidos, deberían recibir especial atención as zonas húmidas que sofren a falta de xestión axeitada para a conservación dos seus valores ambientais.
10. A restauración dos espazos degradados da Rede Natura 2000, debería ser unha liña de actuación prioritaria. **A recuperación de hábitats e paisaxes degradadas dentro dos ZEC e ZEPAs requiriría unha liña prioritaria de inversión.**

SOLICITAMOS:

Os fondos “Next Generation” supoñen unha magnífica oportunidade para mellorar o estado de conservación do noso maltreito medio natural e deberían ter como obxectivo a conservación e restauración dos ecosistemas mariños e terrestres e a súa biodiversidade no senso máis amplo posible especialmente no referido aos espazos protexidos, a Rede Natura e as especies con plans de recuperación aprobados ou pendentes de aprobación ou aquelas que realmente xustificaron a declaración destas figuras de protección sen esquecer a necesidade de incrementar a superficie dos espazos protexidos. Pola contra non deberá contemplarse a utilización destes fondos para actuacións sobre as infraestruturas nin para a promoción do uso público destes espazos.

As entidades asinantes do presente documento solicitamos información máis detallada dos 10 proxectos en materia de biodiversidade sinalados pola CMATV como destinatarios dos fondos de recuperación económica. Sería desexable que se puideran abrir leitos de participación para a sociedade civil na priorización e toma de decisións das inversións destes fondos. Por tal motivo, solicitamos unha reunión telemática coa Conselleira D^a. Ánxeles Vázquez e a Directora Xeral de Patrimonio Natural D^a. Belén María do Campo para poder ter información máis directa deste asunto que entendemos de gran importancia para a conservación da natureza en Galicia.

En Santiago de Compostela, a 29 de marzo de 2021

Asdo.: Óscar Rivas López

Presidente da SGO

SOCIEDADE GALEGA DE ORNITOLOXÍA (SGO)

ADEGA (ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALIZA)

ASOCIACIÓN AMIGOS DA TERRA

ASOCIACIÓN GALEGA DE CUSTODIA DO TERRITORIO

ASOCIACIÓN VERDEGAIA

SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL (SGHN)

GRUPO NATURALISTA HÁBITAT